
A INFANCIA EN ACCIÓN: 35 PROPOSTAS POLÍTICAS PARA GALICIA

Documento de UNICEF para as eleccións
autonómicas de xullo de 2020

UNICEF Comité Galicia | Xuño 2020

ÍNDICE

1. Introducción	3
2. A Infancia e a adolescencia, unha prioridade na lexislatura 2020-2024.	5
2.1. Mecanismos institucionais que garantan que a infancia é tida en conta	5
2.2. Inversión pública: nenos, nenas e adolescentes presentes, visibles, e identificables nos orzamentos autonómicos.	5
2.3. Participación infantil: nenos, nenas e adolescentes aportan e inflúen.	6
2.4. Recollida e análise de datos: coñecer a realidade dos nenos, nenas e adolescentes.	7
3. Educación inclusiva e de calidad	7
3.1. Inversión pública	8
3.2. Abandono e fracaso escolar	8
3.3. Educación infantil de 0 a 3 anos	9
4. Equidade e inclusión social	10
5. Protección de nenos, nenas e adolescentes. Prevención, detección e atención	11
5.1. Protección e prevención	12
5.2. Tutela administrativa	12
6. Implementación da Axenda 2030 con perspectiva de Dereitos de Infancia	13
7. Cooperación para o desenvolvemento: unha oportunidade para millóns de nenos e nenas	14

ANEXO I. Cadro 35 propostas políticas para a infancia en Galicia

1. Introducción

A infancia é un ben social e por tanto un asunto de todas e todos. O compromiso cos nenos e as nenas establece o límite da ética e o sentido común dunha sociedade, e a aplicación dos seus dereitos, de acordo coa Convención sobre os Dereitos do Neno ratificada por España, un sinal de identidade das accións dos decisarios políticos a nivel estatal e tamén a nivel autonómico e local.

En tempo de eleccións, é momento de mirar atrás e valorar os logros alcanzados, pero especialmente **os retos e compromisos pendentes**, identificando medidas que protexan, promovan e fagan reais e efectivos os dereitos de todos os nenos e todas as nenas.

Durante o mes de febreiro desde UNICEF Comité de Galicia presentamos unha batería de 28 propostas para que a infancia e a adolescencia estiveran presentes nos programa electorais das eleccións autonómicas a celebrar o 5 de abril en Galicia. Apenas un mes despois, a declaración do estado de alarma por parte do goberno central pola pandemia da COVID-19 e as consecuencias que esta ten a nivel socio-económico, fan agora necesario revisar estas aportacións baixo o propósito unha vez máis de non deixar a ninguén atrás, especialmente aos nenos, nenas e adolescentes máis vulnerables.

Pero, quen son os nenos, nenas e adolescentes máis vulnerables?

- Nenos e nenas en risco de pobreza e exclusión
- Nenos e nenas que abandonan moi cedo as escolas
- Nenos e nenas vítimas de violencia
- Nenos e nenas tutelados
- Nenos e nenas víctimas de trata
- Nenos e nenas solicitantes de asilo, refuxiados, en situación de rúa ou irregular
- Nenos e nenas con discapacidade

Vivimos unha crise sanitaria sen precedentes na historia recente do noso país. As medidas establecidas polo Goberno no marco da declaración do estado de alarma, aínda que foron efectivas para a contención da propagación do virus, teñen consecuencias sociais e económicas que nos permiten falar xa dunha nova crise socioeconómica cunha dimensión extraordinariamente preocupante.

Por iso, e porque a pandemia demostrou que todos os países son vulnerables a este tipo de emerxencias, **é imprescindible que as medidas que se despreguen para a reconstrucción poñan o foco en establecer as bases sólidas dunha sociedade resiliente**, que estea preparada para sobrepoñerse a novas crises no futuro.

Un sistema de protección social deseñado para anticiparse e responder mellor aos desequilibrios e crises, en coordinación con outros sectores, xoga un papel primordial para que os nenos e as súas familias estean preparados e poidan afrontar mellor os efectos das mesmas. Sen un axeitado sistema de protección, social, os nenos e nenas que xa estean en situación de pobreza e exclusión e as súas familias, e aqueles que experimentan unha situación de pobreza como resultado da crise asociada á COVID-19, non terán os medios para protexerse da pandemia, acceder a servizos básicos e reconstruír os seus medios de vida.

O propósito deste documento é repensar as propostas xa presentadas por **UNICEF Comité Galicia** para a lexislatura **2020-2024**, promovendo á infancia como protagonista común dos programas das diferentes forzas políticas na nosa comunidade autónoma e incluíndo todo aquilo que, a consecuencia da crise da COVID-19, necesite dunha maior implicación por parte das forzas políticas.



O marco normativo e político ao que se acollen estas propostas é fundamentalmente a Convención sobre os Dereitos do Neno (CDN) e, en particular, as observacións que o Comité dos Dereitos do Neno de Naciós Unidas fixo a España no seu último informe de febreiro de 2018¹ a Axenda de Desenvolvemento Sostible 2030 e o Pacto Galego pola Infancia, renovado por todos os grupos Parlamentarios de Galicia no ano 2019.

Estas propostas políticas parten de tres piares fundamentais:

- 1. O cumprimento dos dereitos da infancia é un compromiso de Estado**, incluíndo ás Administracións autonómicas e locais, que deben velar polo cumprimento dos dereitos da infancia e o interese superior do neno, particularmente no caso de individuos e colectivos en situación de especial vulnerabilidade.

¹ Comité de Dereitos do Neno (2018), Observacións finais sobre os informes periódicos quinto e sexto combinados de España, aprobadas polo Comité no seu 77º período de sesións, CRC/C/ESP/CO/5-6: <https://goo.gl/TxrrkF>

2. **A inversión en infancia é unha inversión intelixente**, urxente e necesaria, que reporta beneficios ao conxunto da sociedade. Será suficiente, efectiva, inclusiva e eficiente.
3. **Só o desenvolvemento con equidade é un desenvolvemento sostible**: sabemos que a equidade xera sociedades más cohesionadas, e que a iniquidade se evita con vontade política. Só así, todos os nenos e todas as nenas son e serán actores clave para o desenvolvemento e benestar de calquera sociedade, e do planeta.

No camiño da reconstrucción que iniciamos agora, que coincide ademais co inicio da nova lexislatura na nosa comunidade, a saída da crise debe aproveitar o cambio de modelo social, económico e ambiental que propugnan os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Esta guía permitirá **promover unha sociedade que protexa os bens públicos globais, que fortaleza o acceso universal aos servizos públicos e que enfrente o reto da redución das desigualdades**: en definitiva, que poña o coidado da vida no centro, con medidas especialmente dirixidas a protexer e garantir os dereitos de quen son más vulnerables.



2. A infancia e a adolescencia, unha prioridade na lexislatura 2020-2024

As comunidades autónomas comprometidas coa infancia identifican como prioridade aos nenos, nenas e adolescentes nas súas actuacións. Consideran a súa voz nas decisións que lles afectan, ademais de orientar a súa inversión cara a realización efectiva dos seus dereitos. Ademais, queren coñecer con precisión a súa realidade, para deseñar políticas máis axeitadas e eficientes, así como avaliar o seu impacto nas vidas dos nenos e nenas.

2.1. Mecanismos institucionais que garantan que a infancia é tida en conta

A coordinación non é un complemento ou unha acción secundaria ás estratexias, senón que constitúe en si mesma unha das estratexias más eficaces para protexer os dereitos da infancia.

Nese sentido é clave establecer mecanismos institucionais (entre árees, interna e externa) ao servizo dunha consideración integral dos nenos e nenas e que garантan e faciliten a coordinación entre administracións e organizacións de defensa dos dereitos de nenos e nenas para favorecer cambios na súa vida e na das súas familias.

Por isto, dende UNICEF Comité Galicia se propón:

1. Impulsar a tramitación dunha **Lei autonómica de infancia e adolescencia** que defina medidas e políticas dirixidas específicamente aos nenos e as nenas, recoñecendo así a súa identidade, intereses e necesidades propias.
2. Poñer en marcha o **Observatorio Galego da familia e da Infancia**, creado segundo Decreto 43/2019, do 11 de abril, dotándoo de recursos e orzamentos, como instrumento técnico coa misión de analizar de forma permanente a realidade dos nenos, nenas e adolescentes de Galicia e o impacto das políticas desenvolvidas.
3. Impulsar a elaboración de **informes previos de impacto na infancia** nas disposicións normativas, xa regulados por lei.
4. Promover a conformación dunha **Comisión ou Ponencia sobre Infancia** en sede parlamentaria.

2.2. Inversión pública: nenos, nenas e adolescentes presentes, visibles e identificables nos presupostos autonómicos

Priorizar a inversión en infancia é necesario agora máis que nunca, porque ademais dunha responsabilidade legal e ética, ten implicacións para as políticas económicas e sociais. Os impactos

da pobreza ou o fracaso escolar teñen unha reparación moito máis difícil se non se abordan xa na infancia.

A inversión a nivel estatal en políticas de protección social ás familias e á infancia está moi lonxe da media europea.

O Comité dos Dereitos do Neno móstrase seriamente preocupado polo impacto que os recortes tiveron na realización efectiva dos dereitos da infancia, especialmente en áreas como a educación e a protección social. En Galicia, o 20% da infancia está en risco de pobreza ou exclusión (ECV 2018, INE).

A inversión debe protexerse en todo caso, garantindo unha **inversión suficiente, adecuada e estable** que permita planificar actuacións a longo prazo. Isto tamén aplica á inversión e protección da infancia máis alá das nosas fronteiras. Neste contexto de reconstrucción, defendemos que non debe sufrir os embates da conjuntura, porque a inversión en infancia non é un obstáculo para saír da crise, senón todo o contrario, unha axuda para saír dela.

En consecuencia, unha comunidade comprometida coa infancia, ademais de incrementar os fondos destinados ao benestar e protección de nenos e nenas, promoverá durante a nova lexislatura e recollerá no seu programa de goberno:

5. Que a infancia sexa expresamente recoñecida como **principio de prioridade orzamentaria garantindo unha inversión suficiente, adecuada e estable** incluíndo maior peso das políticas familiares e mellorando a capacidade redistributiva de todo o sistema de prestacións e impostos por tipo de fogar, que permita planificar actuacións a medio e longo prazo, e incluso para a protección do cumprimento dos dereitos da infancia máis alá das nosas fronteiras.
6. Favorecer unha **avaliación integral e transparente das necesidades orzamentarias relacionadas coa infancia**, establecendo un sistema de avaliación, rendición de contas e medición do seu impacto, que podería comezar coa elaboración de informes de impacto sobre a infancia da lei de presupostos.

2.3. Participación infantil: nenos, nenas e adolescentes aportan e inflúen

De acordo coa Convención sobre os Dereitos do Neno, a participación infantil e adolescente é un dereito de igual rango que o acceso á educación, á saúde ou a ter unha identidade. Así, e conforme ás observacións do Comité no seu último informe sobre España, débese garantir que os nenos e nenas de Galicia poidan expresar libremente as súas opinións sobre os asuntos que lles afectan, e o máis importante: deben ser tidos en conta.

En consecuencia, unha comunidade autónoma comprometida coa infancia coñece cales son as cuestións de maior importancia para a infancia, a medida en que se escotan as súas opinións e os canais dos que dispoñen para influír máis nos procesos de toma de decisións, a nivel autonómico e local, tamén no deseño das políticas públicas para a saída da crise.

Para isto, UNICEF Comité Galicia propón:

7. Promover a creación do **Consello Galego de participación infantil e adolescente** co fin de fortalecer e reforzar espazos e canais estables, para escoitar e ter en conta de forma directa as experiencias, necesidades, intereses e propostas dos nenos, nenas e adolescentes de Galicia nos procesos de toma de decisións.
8. Facilitar espazos de **encontro de Consellos Locais de Participación Infantil e Adolescentes** no marco da iniciativa Cidades Amigas da Infancia.



2.4. **Recollida e análise de datos: coñecer e precisar a realidade dos nenos, nenas e adolescentes.**

A recollida e análise de datos precisos sobre a infancia, desagregados, actualizados e periódicos, permite coñecer a verdadeira situación dos nenos e nenas e, en consecuencia, deseñar políticas más axeitadas e eficientes para garantir o seu benestar e os seus dereitos.

En liña coas observación do Comité no seu último informe sobre España, unha comunidade autónoma comprometida coa infancia debe:

9. **Ampliar a capacidade de recollida de datos** dos institutos estatísticos autonómicos, a súa desagregación, en particular, no que se refire ás diferencias económicas e sociais de nenos e nenas en situación de vulnerabilidade e a accesibilidade da información, designando o presupuesto necesario para elo.
10. **Establecer un sistema homoxéneo de recollida de información**, que permita unha análise autonómica sistemática e integral, ademais de transparente, cuxos indicadores e datos sexan públicos e accesibles.

3. Educación inclusiva e de calidade

Unha comunidade autónoma comprometida coa infancia pon unha educación de calidade ao servizo do desenvolvemento de todas as persoas e a igualdade de oportunidades, mirando especialmente aos colectivos en situación de maior vulnerabilidade, en liña con un dos obxectivos centrais da Axenda 2030.

A emerxencia da COVID-19 permitiu nos percibir o **enorme valor de compensación social que ten a nosa escola**, aínda con todas as súas limitacións e carencias (abandono temperán, fracaso escolar, etc.). Durante as semanas do confinamento, fixéronse visibles algúns aspectos do impacto sobre os procesos de aprendizaxe, por exemplo: non todos os estudantes puideron seguir o ritmo escolar en igualdade de condicións, debido entre outros factores, á fenda dixital, ou a situación socioeconómica do seu fogar.

No horizonte máis próximo, debemos garantir o dereito a unha educación de calidade e inclusiva, prevendo a posibilidade de novos confinamentos por posibles olas epidémicas, a existencia de brotes locais ou a imposibilidade de parte do alumnado de asistir a clase pola enfermidade.

3.1. Inversión pública en educación

En España a inversión pública en educación mantense nun 4,23% do PIB en 2018, lonxe da meta do 7% a alcanzar no ano 2030. A nivel autonómico para ese mesmo ano 2016, a cifra de inversión pública en educación elévase lixeiramente ata o 4,9% do PIB de Galicia.

Segundo os datos do Sistema estatal de indicadores de educación² o gasto público por alumno en centros públicos de Galicia en 2018 sitúase en 6.598€, cifra por encima da media estatal establecida en 5.607 €, pero aínda inferior á cifra alcanzada no ano 2011 de 7.125€.

Gasto público educación 2018: 2.451.248,3€

² Sistema estatal de indicadores da educación 2019: <http://www.educacionyfp.gob.es/dms/mecd/servicios-al-ciudadano-mecd/estadisticas>

A apostar pola inversión de recursos impacta positivamente na calidade e na equidade do sistema, ademais de en contidos e orientacións como a concienciación de xénero na infancia e a ruptura de estereotipos, unha das chamadas de atención do Comité de Dereitos do Neno no seu último informe sobre España.³

En contextos de crise económica e social, a inversión en educación debe aumentarse e dar prioridade a actuacións focalizadas nos sectores de poboación que maior risco corren de saír do sistema. Con esta crise puxéronse de manifesto os retos pendentes en relación coa fenda dixital, que obstaculiza enormemente a educación a distancia, e que non fai senón incrementar as desigualdades.



Por iso, dende UNICEF Comité Galicia se propón:

- 11. Aumentar a porcentaxe do PIB autonómico destinado a educación e a inversión pública por alumno e alumna** en centros sostidos con fondos públicos, asegurando as becas para o apoio educativo que cobren os custos indirectos da ensinanza obligatoria, como os libros de texto, transporte, comidas escolares ou actividades extraescolares, que poden dificultar o acceso á educación e o éxito educativo de colectivos en situación de vulnerabilidade.

³ Comité de Dereitos do Neno (2018), Observacións finais sobre os informes periódicos quinto e sexto combinados de España, aprobadas polo Comité no seu 77º período de sesións, CRC/C/ESP/CO/5-6, págs. 11-12

- 12. Aumentar a dotación de recursos para reverter a fenda dixital**, asegurando o acceso de todo o alumnado a **sistemas informáticos** e **conexión a internet** e investindo na **capacitación nas TIC** tanto ao profesorado, ao alumnado como á poboación en xeral.

3.2. Abandono e fracaso escolar

Pese ás melloras rexistradas desde 2012, a taxa española de abandono escolar temperá segue sendo unha das más altas de Europa: un 17,9% en 2018, case oito puntos porcentuais por encima da media europea (10,6%), e aínda lonxe da meta de 15% a alcanzar en 2020.

No caso de Galicia a taxa de abandono escolar sitúase en 2018 nun 14,30%, por debaixo da media estatal pero aínda lonxe da media europea.

A desigualdade educativa e estas cifras agrávanse para determinados colectivos e en determinada situación económica. Os nenos e nenas de orixe migrante teñen o dobre de posibilidades de abandonar as aulas que os seus compañeiros e compañeiras españoles (taxa de abandono escolar do 30%, fronte ao 15,6% de nacionalidade española), e en caso de alumnado xitano, a taxa elévase a máis dun 63%.⁴ Ademais, se miramos a situación socioeconómica conforme a datos de 2015, o 69% do alumnado situado no tramo do 40% dos fogares con menores ingresos abandona os estudos, fronte ao 20% da media estatal. É dicir, o alumnado de fogares con menores ingresos afrontan máis do triplo de posibilidades de abandono escolar temperá.⁵

Ademais, a actual situación provocada pola COVID-19 indica que o fracaso e o abandono escolar endurecerán se non se establecen plans de actuación específicos.

UNICEF Comité Galicia propón:

- 13. Elaborar e aplicar políticas con enfoque de equidade que reduzan o abandono escolar temperá e medidas de prevención, intervención e compensación**, con especial atención a aqueles que presentan maior risco de abandono escolar temperá, entre eles alumnado de orixe inmigrante, da comunidade xitana, con discapacidade, en sistema de protección e con menos ingresos, asegurando que reciban o apoio suficiente para permanecer na escola e para cumplir de forma real e efectiva co principio de non deixar a ningúen atrás.
- 14. Investir no desenvolvemento de plataformas dixitais de ensinanza centralizadas** pola administración educativa autonómica que garantan a homoxeneidade, a calidade de acceso, a loita contra o absentismo, a protección dos datos persoais e a ciberseguridade do alumnado, profesorado e centros educativos e un programa de ensinanza a distancia de emergencia.

⁴ UNICEF Comité Español, Infancia en Datos, Educación, con datos del MECD/FSG: www.infanciaendatos.es/datos/graficos.htm

⁵ Datos del MECD, citados y analizados en el informe Save the Children (2016), Necesita mejorar: por un sistema educativo que no deje a nadie atrás, pág. 39 y ss, disponible en: www.savethechildren.es/sites/default/files/mce/docs/necesita-mejorar-fracaso-escolar-savethechildren-ok.pdf

15. Implementar **programas de apoio escolar** para apoiar o seguimento educativo das familias, especialmente de aquellas en situación de vulnerabilidade.
16. Establecer a figura do **Coordinador de protección e benestar infantil** en todos os centros para identificar e canalizar a resposta fronte ás sospetas de violencia ou abuso contra a infancia, a pobreza infantil, o fracaso e abandono escolar, a falta de acceso á educación orixinada pola fenda dixital e a garantía da axeitada atención ás necesidades especiais.

3.3. Educación infantil de 0 a 3 años

Unha das maiores oportunidades para reverter posibles desigualdades é precisamente a educación de 0 a 3 anos. España só conta cun 6% de prazas escolares totalmente subvencionadas pola Administración neste tramo de idade, moi por debaixo do 44% da media europea. Esta diferencia dificulta o acceso a quen máis o necesita.



Unha das principais inquietudes expresadas polo Comité dos Dereitos do Neno en febreiro de 2018, é a disparidade que observa en materia educativa entre Comunidades Autónomas.

En todas as comunidades autónomas hai unha insuficiente cobertura de prazas públicas e ademais identifícanse importantes diferencias na porcentaxe do servizo que pagan as familias, podendo haber ata case un 20% de diferenza no esforzo que soportan as familias nunhas comunidades autónomas e outras, e no establecemento de cotas mensuais, bonificacións e exencións.

En Galicia, a taxa de escolaridade no primeiro ciclo de Educación Infantil (de 0 a 2 anos) durante o curso 2016-2017 foi de 43,60%, fronte ao 36,4% da media estatal.

Por iso, UNICEF Comité Galicia propón:

- 17. Recuperar programas e presupuesto público para aumentar a oferta educativa pública de calidade no primeiro ciclo de educación infantil de 0 a 3 anos**, chegando a ser universal e especialmente accesible para os nenos e nenas en situación de vulnerabilidade. É preciso aumentar as prazas completamente subvencionadas pola administración, autonómica ou local, e establecer un sistema de prezos públicos e tarificación social, que teña en conta as familias con menos recursos.

4. Equidade e inclusión social

A recuperación da situación económica non chegou a todas as persoas por igual e, en especial, non chegou a unha gran parte da infancia en situación máis vulnerable. Isto significa crecer con menores oportunidades educativas, unha peor saúde e, nun contexto de desigualdade económica, crecer con menores oportunidades de mobilidade social. A pandemia da COVID-19 non fixo máis que agudizar estas desigualdades e pon a moitas familias con nenos e nenas nunha situación moi complexa.

Sen un axeitado sistema de protección social, os nenos e nenas que xa estean en situación de pobreza e exclusión e as súas familias, e aqueles que experimentan unha situación de pobreza como resultado da crise asociada á COVID-19, non terán os medios parar protexerse da pandemia, acceder aos servizos básicos e reconstruír os seus medios de vida.

A aposta por políticas públicas eficaces contra a pobreza infantil, e que pasan por unha maior inversión en protección social da familia e da infancia, é urgente e necesaria. **Unha prestación universal por fillo e filla a cargo, similar á presente na mayoría dos países da UE, marcaría a diferenza en canto á pobreza infantil en España e, polo tanto, en Galicia.**

A inversión en infancia para garantir un desenvolvemento equitativo e inclusivo **é xusta, rendable, beneficia a todos, e significa cumplir cos compromisos adquiridos por España, como asinante da Convención sobre os Dereitos do Neno**, que obriga a inverter suficientemente en políticas destinadas á realización efectiva dos dereitos da infancia. Esta obriga compromete a todas as Administracións do Estado, incluídas as Comunidades Autónomas, que teñen as competencias de asistencia social e que implantan, fundamentalmente, a través de distintas axudas como as incluídas no sistema de rendas mínimas ou as axudas de emergencia. Aumentar estas inversións, dirixidas á

infancia e centralas nos colectivos en situación vulnerable da maneira más eficaz e eficiente posible permitirá complementar, dende o ámbito autonómico, as posibles debilidades do sistema estatal.


En concreto, para avanzar cara a equidade e inclusión social da infancia, UNICEF Comité Galicia propón:

18. **Mellorar as rendas mínimas**, aumentando a súa dotación, reducindo o tempo de concesión e ampliando a súa cobertura para beneficiar ás familias con fillos e fillas a cargo, así como avaliar o impacto destas rendas na infancia e traballar na súa complementariedade coas novas axudas xurdidas a nivel nacional.
19. **Protección de colectivos de especial vulnerabilidade** como é o caso de familias monoparentais, familias que viven baixo o límiar de pobreza ou outras circunstancias que poidan conllevar unha especial dificultades para os nenos e nenas destes fogares, a quen é necesario facilitar e priorizar o acceso a axudas e servizos públicos.
20. Fortalecer as medidas de protección social, incluíndo nelas o **apoio aos empregadores** para que continúen proporcionando emprego e ingresos, e para garantir o apoio financeiro aos que perden os seus empregos. Establecer unha coordinación integral entre os Servizos Sociais e os de Emprego, con equipos multidisciplinares.
21. **Protexer á infancia vulnerable no ámbito da saúde**, co fin de incluír na cobertura sanitaria servizos e produtos imprescindibles para o desenvolvemento de nenos e nenas das familias con menos recursos. É preciso establecer medidas de acceso destes menores a servizos tales como atención odontolóxica, servizos de saúde mental, próteses, audífonos ou gafas, reforzando a carteira autonómica complementaria da Carteira Básica da Sanidade Pública.
22. **Impulsar políticas específicas de vivenda para familias de renda baixa con fillos e fillas a cargo**, aumentando o acceso a vivendas públicas de baixo coste ou alugueiro social, e facilitando o mantemento das mesmas en condicións de habitabilidade óptimas.

5. Protección de nenos, nenas e adolescentes

O coidado da contorna familiar e as modalidades alternativas de coidado, así coma o tratamento de calquera tipo de violencia contra os nenos, son dous dos ámbitos que o Comité dos Dereitos do Neno trata de forma específica no seu último informe a España.

Este organismo mostra a súa preocupación polos recursos insuficientes tanto en prevención como en asistencia para o **sistema de coidado e tutela de menores**, a prevalencia da acollida inicial en centros ou a falta de apoios para a transición dos mozos e mozas á idade. En materia de **violencia contra a infancia e a adolescencia**, o Comité recomenda adoptar un marco estatal de coordinación entre administracións, ampliar o coñecemento e característica dos tipos de violencia contra a infancia, ou aumentar os programas de sensibilización contra calquera tipo de violencia.



En Galicia os datos de 2018⁶ reflecten que 305 menores de 18 anos foron vítimas de violencia familiar e 263 foron vítimas de delitos contra a liberdade e a identidade sexual. Ademais do feito de que quen más sofre estas situacións son as nenas e especialmente entre os 14 y 17 anos.

Nos últimos meses a causa do confinamento, os nenos e nenas que se enfrentan á violencia no seu fogar, ou por internet, estiveron más lonxe da axuda e más expostos aos seus abusadores. A axitación social e económica incrementará o risco de que as nenas sexan vítimas. Debemos impedir que esta pandemia convértese nunha crise de protección da infancia. O goberno debe ter en conta os riscos particulares das nenas e nenos vulnerables, incluídos os que se enfrentan á discriminación e o estigma. Debemos traballar xuntos a fin de dar resposta as persoas que necesitan protección a distancia.

5.1. Prevención e detección

Os nenos e nenas en situación de vulnerabilidade e as súas familias deben estar no centro das políticas autonómicas, desde un enfoque preventivo e de dereitos, coidando que os procedementos polos que pasa o neno ou nena non o revictimicen.

⁶ Infancia en Datos, Educación, con datos del Ministerio del Interior/Sistema Estadístico de Criminalidad: <http://www.infanciaendatos.es/datos/graficos.htm?area=Galicia>

Por iso, desde UNICEF Comité Galicia propoñemos:

23. **Aumentar os recursos dispoñibles en Servicios Sociais** para incrementar e mellorar a prevención e a detección do risco, así como asegurar a coordinación entre os distintos niveis de actuación. É importante o coñecemento dos protocolos estandarizados que permitan homoxeneizar criterios de valoración, intervencións e canles de comunicación e seguimento, así como formación axeitada aos e ás profesionais destes sectores.
24. **Desenvolver iniciativas públicas que promovan contornas seguras**, poñendo en marcha programas específicos contra as distintas violencias que sufre a infancia, incluída a violencia de xénero, garantindo a existencia de protocolos claros para previr, detectar e abordar os distintos tipos de abusos e violencia, e **dotalos de recursos económicos suficientes**.
25. **Involucrar aos profesionais do ámbito educativo en coordinación con outros servizos tendo a prevención como base das accións da protección da infancia**, tendo en consideración as características diferenciais dos nenos, nenas e adolescentes en situación de risco como en acollemento, para que se atendan as súas necesidades educativas específicas.
26. Inverter na **diagnose** e tratamiento do impacto que o confinamento e a crise sanitaria pudo orixinar na saúde mental dos nenos e nenas.

5.2. Tutela administrativa

As comunidades autónomas teñen o compromiso de garantir a protección integral de nenos e nenas e a reparación dos danos, incluíndo sistemas de acollemento que ofrecen ao mesmo tempo o tratamiento necesario para superar posibles experiencias traumáticas, así como a súa posible preparación para a transición á vida adulta. Este sistema debe contar con recursos e persoal suficiente e especializado, capaz de ofrecer apoio psicolóxico, asistencia sanitaria e recursos educativos e recreativos.

Por iso, é importante:

27. **Aumentar os recursos** dirixidos a fortalecer o sistema de protección para fazer fronte ás necesidades específicas (incluídas as dos nenos e nenas con problemas de saúde mental, adiccións, nenos con discapacidade ou vítimas de trata).
28. **Avanzar no acollemento familiar e inverter en aqueles recursos que favorezan un seguimiento más específico e individualizado dos nenos e nenas en situación de maior vulnerabilidade.** Ademais, atender a problemáticas específicas con recursos axeitados, como os casos de adolescentes con problemas de saúde mental, vítimas de trata, con adiccións ou problemas de conducta.
29. **Formación e recursos para atender de maneira específica aos Nenos, nenas e adolescentes estranxeiros non acompañados, (NNAENAs)**, con plans individualizados

baseados nunha avaliación do seu interese superior, no que se teña en conta, na medida do posible, as súas motivacións e preferencias.

- 30. Asegurar a inversión en recursos de transición á vida adulta**, cando cumpran os 18 anos e deixen o sistema de protección, para non poñer en risco a súa integración.

6. Implementación da Axenda 2030 con perspectiva de dereitos de infancia

A Axenda 2030 é un cambio na concepción do desenvolvemento sostible e unha oportunidade para que as comunidades autónomas como Galicia e as súas políticas públicas respondan de maneira efectiva á loita contra a pobreza, a desigualdade e a favor da sustentabilidade. En definitiva, a Axenda 2030 é unha oportunidade única para garantir o benestar dos nenos e as nenas e transitar cara a un modelo de desenvolvemento máis inclusivo e sostenible, máis agora tras a crise do COVID-19.

A Axenda 2030 incorpora de maneira prioritaria a perspectiva dos dereitos da infancia e supón unha oportunidade para incidir na máxima protección de todos os nenos e as nenas, baixo consignaa de **non deixar a ningúén atrás**.

Os seus 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e 169 metas impactan de maneira directa ou indirecta no benestar da infancia e a súa implementación representa **unha clara apostase por un modelo social e político que poña no centro aos nenos**. Por tanto, garantir o benestar e a realización dos dereitos da infancia non é só un compromiso coa Convención sobre os Dereitos do Neno, senón tamén, unha condición esencial para alcanzar os ODS para todos. Para avanzar no compromiso coa Axenda 2030 a nivel autonómico calando na acción global das diferentes consellerías, desde UNICEF Comité Galicia proponse:

- 31. Asegurar a continuidade dos esforzos realizados para a elaboración de plans e estratexias de acción da Axenda 2030** na promoción de políticas, domésticas e de cooperación internacional, e na inversión suficiente para os nenos, nenas e adolescentes, chegando aos más vulnerables e garantindo non deixar a ningúén atrás.
- 32. Consolidar o traballo realizado pola mesa interdepartamental da Axenda 2030, para garantir a aplicación da mesma**, e designar ao Parlamento de Galicia como espazo de seguimento e control, que promova a rendición de contas do goberno autonómico, cun claro foco na infancia.

7. Cooperación para o desenvolvemento: unha oportunidade para millóns de nenos e nenas

A poboación infantil supón case a metade da poboación en situación de pobreza extrema. A protección dos seus dereitos e benestar, baixo consignaa de non deixar a ningúén atrás, ha de ocupar

un lugar central da política de Cooperación que leven a cabo as Comunidades Autónomas. Só así se poderá contribuír ao desenvolvemento humano, a erradicación da pobreza e o pleno exercicio dos dereitos.

De acordo coa Axenda 2030 e o seu Obxectivo 17 (meta 2), os países deben cumplir plenamente os seus compromisos en axuda oficial para o desenvolvemento, incluído o compromiso de destinar o 0,7% do ingreso nacional bruto aos países en desenvolvemento.



En Galicia incrementouse a axuda ao desenvolvemento desde 2016 cun claro interese por reactivar a política de cooperación, aínda que as cantidades que se destinan seguen sendo moi baixas. Este

cambio na política de cooperación debe consolidarse e reforzarse en coherencia coa Estratexia de Infancia da Cooperación Española e o compromiso coa Axenda 2030 e por tanto coa protección dos dereitos humanos e os dereitos da Infancia.

A cooperación española, tanto estatal e descentralizada conseguiu logros históricos nos últimos anos, mellorando a vida de persoas en todo o mundo, en especial entre a poboación máis vulnerable. Temos que evitar que a redución de recursos e outras restricións derivadas da COVID-19 supoñan un retroceso en indicadores fundamentais. Non debemos deixar que a pandemia se converta nun desacelerador de dereitos e de progreso. Grazas á inversión realizada en cooperación ao longo dos anos, melloráronse a resiliencia de persoas e sistemas dos países socios, facéndoas máis fortes e menos vulnerables ante a chegada da COVID-19.

Desde UNICEF Comité Galicia cremos na necesidade de retomar o compromiso con políticas de desenvolvemento ambiciosas, establecendo un incremento sostido dos fondos de la AOD ata alcanzar o 0,4% de la RNB para el 2024, camiñando cara o horizonte do 0,7%. Non obstante, o desafío non é só orzamentario, senón tamén estratéxico e político, para iso proponse:

33. **Asegurar a máxima protección da infancia no impacto das políticas de cooperación Galega**, garantindo que a infancia e o seu benestar sexa una prioridade, en aplicación do IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021, e valorando o impacto das súas actuacións na vida dos nenos, e nenas, especialmente en contextos humanitarios.
34. **Garantir a aplicación da Estratexia de Infancia da Cooperación Española a nivel autonómico**, de forma que o seu enfoque e principais contidos recóllanse no seguinte plan director.
35. **Avanzar na recuperación da AOD autonómica**, tendo como meta destinar o 0,4% do seu orzamento no 2020, garantindo recursos económicos suficientes para que o desenvolvemento equitativo e inclusivo da poboación en situación máis vulnerable, e en especial nenos e nenas, sexa real e efectivo.

ANEXO I. CADRO 35 PROPOSTAS POLÍTICAS PARA GALICIA

A INFANCIA E A ADOLESCENCIA, UNHA PRIORIDADE NA LEXISLATURA 2020-2024		Mecanismos institucionais que garantan que a infancia é tida en conta	<ol style="list-style-type: none"> 1. Impulsar a tramitación dunha Lei autonómica de infancia e adolescencia que defina medidas e políticas dirixidas especificamente aos nenos e as nenas, recoñecendo así a súa identidade, intereses e necesidades propias. 2. Poñer en marcha o Observatorio Galego da familia e da Infancia, dotándoo de recursos e orzamentos, como instrumento técnico coa misión de analizar de forma permanente a realidade dos nenos, nenas e adolescentes de Galicia e o impacto das políticas desenvolvidas. 3. Impulsar a elaboración de informes previos de impacto na infancia nas disposicións normativas, xa regulados por lei. 4. Promover a conformación dunha Comisión ou Ponencia sobre Infancia en sede parlamentaria.
		Inversión pública: nenos, nenas e adolescentes presentes, visibles e identificables nos orzamentos autonómicos	<ol style="list-style-type: none"> 5. Que a infancia sexa expresamente recoñecida como principio de prioridade orzamentaria garantindo unha inversión suficiente, adecuada e estable incluíndo maior peso das políticas familiares e mellorando a capacidade redistributiva de todo o sistema de prestacións e impostos por tipo de fogar, que permita planificar actuacións a medio e longo prazo, e incluso para a protección do cumprimento dos dereitos da infancia máis alá das nosas fronteiras. 6. Favorecer unha avaliación integral e transparente das necesidades orzamentarias relacionadas coa infancia, establecendo un sistema de avaliación, rendición de contas e medición do seu impacto, que podería comezar coa elaboración de informes de impacto sobre a infancia da lei de orzamentos.
		Participación infantil: nenos, nenas e adolescentes aportan e inflúen	<ol style="list-style-type: none"> 7. Promover a creación do Consello Galego de participación infantil e adolescente co fin de fortalecer e reforzar espazos e canais estables, para escoitar e ter en conta de forma directa as experiencias, necesidades, intereses e propostas dos nenos, nenas e adolescentes de Galicia nos procesos de toma de decisións. 8. Facilitar espazos de encontro de Consellos Locais de Participación Infantil e Adolescentes no marco da iniciativa Cidades Amigas da Infancia.
		Recollida e análise de datos: coñecer e precisar a realidade dos nenos, nenas e adolescentes	<ol style="list-style-type: none"> 9. Ampliar a capacidade de recollida de datos dos institutos estatísticos autonómicos, a súa desagregación, en particular, no que se refire ás diferencias económicas e sociais de nenos e nenas en situación de vulnerabilidade e a accesibilidade da información, designando o presupuesto necesario para elo. 10. Establecer un sistema homoxéneo de recollida de información, que permita unha análise autonómica sistemática e integral, ademais de transparente, cuxos indicadores e datos sexan públicos e accesibles.

EDUCACIÓN INCLUSIVA E DE CALIDAD		Inversión pública en educación
		<p>11. Aumentar a porcentaxe do PIB autonómico destinado a educación e a inversión pública por alumno e alumna en centros sostidos con fondos públicos, asegurando as becas para o apoio educativo que cobren os custos indirectos da ensinanza obrigatoria, como os libros de texto, transporte, comidas escolares ou actividades extraescolares, que poden dificultar o acceso á educación e o éxito educativo de colectivos en situación de vulnerabilidade.</p> <p>12. Aumentar a dotación de recursos para reverter a fenda dixital, asegurando o acceso de todo o alumnado a sistemas informáticos e conexión a internet e investindo na capacitación nas TIC tanto ao profesorado, o alumando como a poboación en xeral.</p>
		<p>13. Elaborar e aplicar políticas con enfoque de equidade que reduzan o abandono escolar temperá e medidas de prevención, intervención e compensación, con especial atención a aqueles que presentan maior risco de abandono escolar temperá, entre eles alumnado de orixe inmigrante, da comunidade xitana, con discapacidade, en sistema de protección e con menos ingresos, asegurando que reciban o apoio suficiente para permanecer na escola e para cumplir de forma real e efectiva co principio de non deixar a ningúen atrás.</p> <p>14. Investir no desenvolvemento de plataformas dixitais de ensinanza centralizadas pola administración educativa autonómica que garantan a homoxeneidade, a calidade de acceso, a loita contra o absentismo, a protección dos datos persoais e a ciberseguridade do alumnado, profesorado e centro educativos e un programa de ensinanza a distancia de emerxencia.</p> <p>. Implementar programas de apoio escolar para apoiar o 15seguimento educativo das familias, especialmente de aquellas en situación de vulnerabilidade.</p> <p>16. Establecer a figura do Coordinador de protección e benestar infantil en todos os centros para identificar e canalizar a resposta fronte ás sospeitas de violencia ou abuso contra a infancia, a pobreza infantil, o fracaso e abandono escolar, a falta de acceso á educación orixinada pola fenda dixital e a garantía da axeitada atención ás necesidades especiais.</p>
		<p>17. Recuperar programas e presupuesto público para aumentar a oferta educativa pública de calidade no primeiro ciclo de educación infantil de 0 a 3 anos, chegando a ser universal e especialmente accesible para os nenos e nenas en situación de vulnerabilidade. É preciso aumentar as prazas completamente subvencionadas pola administración, autonómica ou local, e establecer un sistema de prezos públicos e tarificación social, que teña en conta as familias con menos recursos.</p>

EQUIDADE E INCLUSIÓN SOCIAL	Equidade e Inclusión Social	<p>18. Mellorar as rendas mínimas, aumentando a súa dotación, reducindo o tempo de concesión e ampliando a súa cobertura para beneficiar ás familias con fillos e fillas a cargo, así como avaliar o impacto destas rendas na infancia e traballar na súa complementariedade coas novas axudas xurdidas a nivel nacional.</p> <p>19. Protección de colectivos de especial vulnerabilidade como é o caso de familias monoparentais, familias que viven baixo o límiar de pobreza ou outras circunstancias que poidan supoñer unha especial dificultade para os nenos e nenas destes fogares, a quen é necesario facilitar e priorizar o acceso a axudas e servizos públicos.</p> <p>20. Fortalecer as medidas de protección social, incluíndo nelas o apoio aos empregadores para que continúen proporcionando emprego e ingresos, e para garantir o apoio financeiro aos que perden os seus empregos. Establecer unha coordinación integral entre os Servizos Sociais e so de Emprego, con equipos multidisciplinares.</p> <p>21. Protexer á infancia vulnerable no ámbito da saúde, co fin de incluír na cobertura sanitaria servizos e produtos imprescindibles para o desenvolvemento de nenos e nenas das familias con menos recursos. É preciso establecer medidas de acceso destes menores a servizos tales como atención odontolóxica, servizos de saúde mental, próteses, audíofonos ou gafas, reforzando a carteira autonómica complementaria da Carteira Básica da Sanidade Pública.</p> <p>22. Impulsar políticas específicas de vivenda para familias de renda baixa con fillos e fillas a cargo, aumentando o acceso a vivendas públicas de baixo coste ou alugueiro social, e facilitando o mantemento das mesmas en condicións de habitabilidade óptimas.</p>
------------------------------------	------------------------------------	--

PROTECCIÓN DE NENOS, NENAS E ADOLESCENTES		<p>Prevención e detección</p> <p>23. Aumentar os recursos disponibles en Servicios Sociais para incrementar e mellorar a prevención e a detección do risco, así como asegurar a coordinación entre os distintos niveis de actuación. É importante o coñecemento dos protocolos estandarizados que permitan homoxeneizar criterios de valoración, intervencións e canles de comunicación e seguimento, así como formación axeitada aos e ás profesionais destes sectores.</p> <p>24. Desenvolver iniciativas públicas que promovan contornas seguras, poñendo en marcha programas específicos contra as distintas violencias que sufre a infancia, incluída a violencia de xénero, garantindo a existencia de protocolos claros para previr, detectar e abordar os distintos tipos de abusos e violencia, e dotalos de recursos económicos suficientes.</p> <p>25. Involucrar aos profesionais do ámbito educativo en coordinación con outros servizos tendo a prevención como base das accións da protección da infancia, tendo en consideración as características diferenciais dos nenos, nenas e adolescentes en situación de risco como en acollemento, para que se h atendan as súas necesidades educativas específicas.</p> <p>26. Investir na diagnose e tratamiento do impacto que o confinamento e a crise sanitaria puido orixinar na saúde mental dos nenos e nenas.</p>
Tutela administrativa	<p>27. Aumentar os recursos dirixidos a fortalecer o sistema de protección para fazer fronte ás necesidades específicas (incluídas as dos nenos e nenas con problemas de saúde mental, adicccións, nenos con discapacidade ou vítimas de trata).</p> <p>28. Avanzar no acollemento familiar e inverter en aqueles recursos que favorezan un seguimento más específico e individualizado dos nenos e nenas en situación de maior vulnerabilidade. Ademais, atender a problemáticas específicas con recursos axeitados, como os casos de adolescentes con problemas de saúde mental, vítimas de trata, con adicccións ou problemas de conducta.</p> <p>29. Formación e recursos para atender de maneira específica aos Nenos, nenas e adolescentes estranxeiros non acompañados, (NNAENAs), con plans individualizados baseados nunha avaliación do seu interese superior, no que se teña en conta, na medida do posible, as súas motivacións e preferencias.</p> <p>30. Asegurar a inversión en recursos de transición á vida adulta, cando cumpran os 18 anos e deixen o sistema de protección, para non poñer en risco a súa integración.</p>	

IMPLEMENTACIÓN DA AXENDA 2030 CON PERSPECTIVA DE DEREITOS DE INFANCIA	Implementación da Axenda 2030 con perspectiva de dereitos de infancia	<p>31. Asegurar a continuidade dos esforzos realizados para a elaboración de plans e estratexias de acción da Axenda 2030 na promoción de políticas, domésticas e de cooperación internacional, e na inversión suficiente para os nenos, nenas e adolescentes, chegando aos máis vulnerables e garantindo non deixar a ningúén atrás.</p> <p>32. Consolidar o traballo realizado pola mesa interdepartamental da Axenda 2030, para garantir a aplicación da mesma, e designar ao Parlamento de Galicia como espazo de seguimento e control, que promova a rendición de contas do goberno autonómico, cun claro foco na infancia.</p>
COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO: UNHA OPORTUNIDADE PARA MILLÓNS DE NENOS E NENAS	Cooperación para o desenvolvemento: unha oportunidade para millóns de nenos e nenas	<p>33. Asegurar a máxima protección da infancia no impacto das políticas de cooperación Galega, garantindo que a infancia e o seu benestar sexa una prioridade, en aplicación do IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021, e valorando o impacto das súas actuacións na vida dos nenos, e nenas, especialmente en contextos humanitarios.</p> <p>34. Garantir a aplicación da Estratexia de Infancia da Cooperación Española a nivel autonómico, de forma que o seu enfoque e principais contidos recóllanse no seguinte plan director.</p> <p>35. Avanzar na recuperación da AOD autonómica, tendo como meta destinar o 0,4% do seu orzamento no 2020, garantindo recursos económicos suficientes para que o desenvolvemento equitativo e inclusivo da poboación en situación máis vulnerable, e en especial nenos e nenas, sexa real e efectivo.</p>